

18 DE MARZO DE 2025

DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL

Na Asemblea Mundial en Salvador de Bahía (Brasil) celebrada en 2008, os membros da Federación Internacional de Traballadores/as Sociais decidiron fixar por unanimidade unha futura data para a celebración deste Día, decidíndose celebrar cada terceiro martes do mes de marzo de cada ano. Ata a data o Día Mundial do Traballo Social nos países europeos celebrábase na mesma data que o Día dos Dereitos Humanos en decembro. A partir do ano 2009 tomouse como referencia esa data, uníndose para facer actividades conxuntas de celebración por parte das tres asociacións: Federación Intencional de Traballadores/as Sociais (FITS-IFSW), a Asociación Internacional de Escolas de Traballo Social (AIETS-IASSW) e o Comité Internacional para o Benestar Social (CIBS-ICSW).



Qué se celebra?

Esta data conmemora o compromiso, a contribución e a labor dos nosos/as profesionais como coñecedores/as de primeira man da realidade social, líderes do cambio e da intervención social, e impulsores da loita e a garantía dos dereitos sociais da cidadanía. E máis que nunca este día débese dar aos/as profesionais do Traballo Social o sentido de recoñecemento e orgullo que se merecen. Ademais nos brinda esta oportunidade anual para que todas as organizacións do Traballo Social promovamos o seu importante papel e o da profesión. Apostamos por incrementar a nosa presenza no ámbito comunitario, buscando solucións locais desde o enfoque do desenvolvemento social local. Pero tamén desenvolvemos alianzas para buscar solucións globais ante problemas globais.

Este ano o tema centrarase na esencialidade do coidado e as conexións interxeracionais para o benestar de todos/as e para fomentar economías e sociedades funcionais. A través deste tema, a profesión de traballo social recoñece a necesidade de que as sociedades fortalezan e apoiem de maneira máis activa a solidariedade interxeracional respectuosa para o benestar duradeiro de toda a cidadanía. Dando continuidade aos temas anteriores do Día Mundial do Traballo Social, Ubuntu e Bo Vivir, ao recoñecer a interdependencia crucial dos pobos e amplía estes coñecementos centrándose no coidado interxeracional. Ademais destaca que o coidado é responsabilidade de todos/as e non só do ámbito do "traballo das mulleres", como promoven algunhas sociedades. Recoñécese tamén o papel das xeracións máis mozas á hora de interpretar esta sabiduría de novas maneiras, para afrontar os desafíos de hoxe e atopar novas solucións para o futuro.